

26 de junio. Manifesto do Día Internacional contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas

Un ano máis, conmemoramos o Día Internacional contra a Droga. Neste día singular non podemos estar satisfeitos. Gustaríanos lanzar unha mensaxe de optimismo pero a situación é francamente preocupante tanto en Galicia como no resto de España.

O consumo de drogas está desbocado -máis aló de pequenas variacións estatísticas que nos ofrecen os distintos estudos- e totalmente banalizado, empezando polo alcol, o rei indiscutible das festas de menores e maiores.

Moitas persoas consomen drogas buscando divertirse e nestes tempos de pospandemia, guerra e crise económica outras moitas fano para esquecer os seus problemas. Sabemos que en determinados ámbitos séguese pensando que consumir drogas é case recomendable e ademais, divertido. Constatamos que en termos xerais non hai unha percepción do risco que supoñen estes consumos e as súas repercusións evidentes sobre a saúde física e mental das persoas, con danos que poden ser moi severos.

Para agravar a situación, nos últimos anos cobraron auge as denominadas adiccións sen substancia. O xogo patolóxico xunto ao uso problemático da internet, videoxogos, móbiles e redes sociais son algunhas das novas adiccións que en moitos casos están estreitamente relacionadas co consumo das drogas clásicas e asociadas a comportamentos perigosos como situacións de acoso escolar, abuso sexual e violencia de xénero, entre outros.

Resulta evidente que non podemos limitarnos a reflexionar, hai moito traballo por diante que debemos realizar xuntos e de forma intensa. Persoas, familias, profesionais, entidades e administracións. Todos. A teoría xa está feita e é tempo de poñela en práctica. Neste punto atopámonos con que temos normativas e plans de prevención que non se cumpren. Un exemplo moi básico: por que non se intervén ante o botellón? Temos miles de adolescentes, moitos deles menores, bebendo na rúa miles de litros de alcol todas as fins de semana, en festas e concertos... sen que ninguén faga nada por evitalo. Moitos mozos están a desenvolver unha adicción que posiblemente lles acompañe toda a súa vida e se ninguén pon remedio ao despropósito, nuns anos teremos un problema de saúde pública aínda maior.

Sabemos que para reducir certos consumos resulta fundamental non ser excesivamente permisivos e limitar algúns comportamentos. Poñamos como exemplo positivo a regulación antitabaco: a ninguén se lle ocorre hoxe acender un cigarro dentro dunha cafetería ou nun centro comercial, moito menos nun avión ou nunha sala de espera, escenas que eran frecuentes hai non moito tempo. Outro exemplo positivo de normativa protectora da saúde é a obrigaón de levar casco ou de poñerse o cinto de seguridade... comportamentos que hoxe nos parecen obvios pero que no seu momento houbo que regular e facer cumprir. Na nosa opinión, leste é o camiño

adequado para reducir os índices de consumo de drogas; axudando ás persoas que sofren adiccións e procurando a súa reintegración social, xunto a unha aposta decidida pola prevención, a desnormalización do consumo e o fomento de estilos de lecer que non teñan como actividade principal o atracón de alcol e outras drogas.

Por outra banda, desde o ámbito da loita contra o narcotráfico vemos a situación actual con fonda preocupación.

Os índices de tráfico de drogas están nos rexistros máis altos da historia e en España conflúen grandes roteiros internacionais con destino a Europa. Así o noso país está -literalmente- asolagado de drogas, principalmente de haxix do Sur e de cocaína do outro lado do Atlántico coas costas galegas como un dos seus destinos favoritos. Todo iso a pesar do meritorio labor que realizan as forzas de seguridade, xuíces e fiscais comprometidos; profesionais que traballan coas mans atadas por unha lexislación tímida e garantista que en demasiadas ocasións parece protexer máis ao criminal que ao honrado cidadán. Vemos con asombro aos mesmos traficantes, grandes capos que entran e saen do cárcere con normalidade rutineira, delinquindo unha e outra vez, traficando e amasando fortuna. A eles engádense bandas internacionais moi perigosas que practican a violencia extrema como método habitual de traballo. Criminais que poñen en risco a seguridade de todos, capaces de desestabilizar e ameazar un estado.

Este perigo, que en Europa viamos tan lonxe, xa está aquí: nos Países Baixos han asasinado recentemente a un xornalista por informar sobre narcotráfico e o seu primeiro ministro está directamente ameazado polo crime organizado. É o futuro que nos espera se non reaccionamos xa. E mentres tanto aquí, a Policía, Garda Civil ou Vixilancia Aduaneira teñen que pasar un auténtico calvario para intervenir un teléfono ou poñer unha baliza de seguimento, con dificultades cada vez maiores para facer o seu traballo.

Instamos os nosos gobernantes a considerar o narcotráfico e o crime organizado como asuntos da máxima prioridade. Para iso, as drogas e o narcotráfico deben entrar xa na axenda política. Non só estamos ante un problema de Saúde Pública; é tamén unha ameaza directa para a Seguridade do Estado.

Non podemos perder máis tempo.

